



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ACTA Nº 08/2025

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA TRINTA E UN DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

En Ordes, a trinta e un de xullo de dous mil vinte e cinco.

Na Sala de Conferencias, Baixos da Alameda, rúa Xoxardo, Ordes, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ SANJURJO, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D^a. ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES
- D. JOSE ANTONI CABEZA FRAGA
- D^a. SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- D^a. YESSICA LÓPEZ VARELA
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL
- D^a. ALBA VILARIÑO NOGAREDA
- D. PABLO VIDAL RÍOS
- D^a. MARIA VIEITES CALVO (incorpórase á sesión no debate do 4º punto da orde do día).
- D. AVELINO CANDAL FARIÑA
- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- D^a. MARÍA MARTÍNEZ VIEITES
- D. MANUEL ANTONIO VILLAVERDE REY
- D^a. MARÍA CONCEPCIÓN BERDOMÁS GARCÍA
- D^a. NOELIA RIVADAS LÓPEZ

Non asiste:

- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto. Está presente na sesión o Sr. Interventor D. Javier Siro Suárez Rodríguez.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás dezanove horas e trinta minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, con carácter previo pola Corporación gárdase un minuto de silencio en signo de repulsa polo homicidio acontecido o pasado martes a unha traballadora do servizo de axuda no fogar no municipio de O Porriño, Teresa de Jesús Rodríguez, en memoria da vítima e tamén de recoñecemento à labor de todo o persoal de axuda no fogar, procedéndose seguidamente a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria de data 26 de xuño de 2025, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

A acta da sesión ordinaria, de data 26 de xuño de 2025, resultou aprobada por maioría de catorce votos a favor, coa abstención da Sra. Martínez Vieites, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación.

2. INFORMES DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde dáse conta do informe de control financeiro realizado pola intervención municipal no que se recolle un plan de medidas correctoras a través dun plan de acción no que se recollan as medidas a adoptar, así como o responsable e o calendario para a súa implementación, que son as seguintes: planificar a actividade contractual, efectuar as propostas de gastos correspondentes previas á realización de obras, controlar a execución orzamentaria do capítulo un, evitar o número excesivo dos programas de contratación de persoal, na medida do posible proceder a cubrir as necesidades de persoal do concello, seguir a tramitación interna nos expedientes de contrato menor, reiterar a necesidade de efectuar un plan estratéxico de subvencións, na medida do posible utilizar o procedemento ordinario para o outorgamento de subvencións de concorrencia competitiva, nos expedientes de subvencións evitar os pagos anticipados sen garantía, controlar os prazos de tramitación, levar un seguimento da correcta xustificación das mesmas, así como verificar a presentación en prazo das correspondentes contas xustificativas.

Os Srs. concelleiros danse por decatados.

3. APROBACIÓN BONIFICACIÓN COTA ICIO.

Vistas as solicitudes de concesión de bonificación cota ICIO, licenza urbanística/comunicación previa de inicio de obras de construción/ampliación dunha explotación agrograndeira existente.

Visto o disposto no art. 8.2 (bonificacións) da Ordenanza fiscal nº 4, reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (BOP nº 87, de data 09/05/2018).

Visto o ditame favorable, de data 24/07/2025, da Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda e Persoal.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de quince votos a favor (8 grupo político PP, 5 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

Aprobar unha bonificación do 75% da cota do ICIO, licenzas urbanísticas/comunicación previa de inicio de obras de construción/ampliación das explotacións agrogandeiras seguintes:

- **EDUARDO IGLESIAS REGUEIRO**, con DNI nº 78802843J, obras en solo rústico de protección agropecuaria e solo rústico de protección de infraestruturas, ampliación de explotación agropecuaria existente de vacún de leite: **[foxa de xurro cuberta (360,00 m²)]**, en Lg. Vilagudín, Lesta, Ordes (Finca catastral 15060A501002170000LA), segundo proxecto técnico redactado por Adrián Villar Ramos, enxeñeiro técnico agrícola, cun orzamento de execución material de euros **36.469,15 (Expdte. 50/2025 – 2025/U022/000006)**.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- **JOSÉ PEDRO CASTRO VÁZQUEZ**, con DNI nº 53306815Z, obras en solo de núcleo rural tradicional e solo rústico de protección agropecuaria, ampliación de explotación gandeira de vacún de leite existente: **construción de establo (428,00 m²) e estercoleiro (160,00 m² – 432,20 m³)**, en Lg. Zampaño, Mercurín, Ordes (Parcela 429, polígono 3, ZCP Mercurín-Lesta), segundo proxecto técnico redactado polo director das obras José Manuel García Pedreira, enxeñeiro técnico agrícola, cun orzamento de execución material de **90.000,00 euros (Expdte. 142/2024 – 2024/U022/000008)**.

4. APROBACIÓN CONTA XERAL EXERCICIO 2025.

Expediente instruído para a aprobación da Conta Xeral desta entidade local, correspondente ao exercicio 2024, rendida e formulada de acordo co disposto no art. 212 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e as regras 97 e seguintes da Instrución do modelo normal de contabilidade local, contendo así mesmo dita conta tódalas partes que se contemplan na mencionada Instrución de contabilidade, xustificándose mediante os documentos e libros de contabilidade que se establecen nesta (**Expdte. 2005/T017/000001**).

Visto o ditame favorable da Comisión Especial de Contas, de data 23/05/2025, e informe de intervención.

Visto que durante o período de exposición ó público da Conta Xeral mediante anuncio no BOP nº 102, de fecha 30/05/2025 e taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello non se formularon reclamacións algunha contra esta.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que a aprobación da conta xeral é un acto esencial para a fiscalización das actuacións do goberno local por parte dos órganos de control externo. É un reflexo dos cambios patrimoniais, investimentos e actuacións financeiras levadas a cabo polo equipo de goberno deste concello, o cal reiteradamente fixo prevalecer a súa maioría absoluta ao non dar pe a pactos de consenso en determinadas actuacións cos partidos da oposición, como levan facendo dende que alcanzaron a maioría absoluta, despois argumentan que os grupos da oposición non dan o seu apoio ou incluso negan o seu consentimento a os seus orzamentos baseados en obras, cemento e asfalto, esquecen como sempre a actuacións sociais e as necesidades dunha poboación cada vez máis envellecida, aínda que despois se teñan superávits que despois sempre acaban indo aos mesmos fins, obras, cemento e asfalto.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que a documentación obrante na conta xeral 2024 ven a revelar como o ben facendo ao longo destes anos que o goberno municipal logo de acadar os dez anos neste 2025 ao fronte deste consistorio, ou ben non lle interesa ou ben no é capaz de regularizar a situación dos contratos vencidos por subministración ou prestación de servizos. Trátase dunha situación irregular que obriga ao interventor municipal a emitir reparos que afectan ata oito contratos caducados no ano 2024 e que relacionamos a continuación: reclamación de danos, asesoramento xurídico, xestión da escola infantil, mantemento de alumeados públicos, servizos de limpeza, conserxería e mantemento de edificios municipais, recollida de papel cartón, recollida de residuos sólidos e urbanos. Na actualidade no presente ano atópase en licitación o servizo conserxería, mantemento e limpeza de edificios municipais, pero lembrámoslles que da regularización do resto de contratos vencidos aínda nada se sabe. A pesares de tratarse dun goberno con maioría absoluta e que leva no goberno dez anos. Non podemos falar dunha situación herdada senón dun modelo de xestión do actual goberno municipal. Cando dende o BNG fan este



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

apuntamento resulta habitual que o Alcalde se escuse en que os técnicos municipais teñen moito traballo. Máis nada se fai para rebaixar esa carga de traballo dotándoos de máis persoal, de máis medios para facilitar a súa labor o evitar ocupándoos en contenciosos estériles absurdos contara outras administracións públicas con outro obxectivo que facerlle oposición ás mesmas. Parécelle moi ben que queira facer esa labor de oposición, pero fágaa cos seus propios recursos ou con recursos do seu partido, non cos recursos de toda a veciñanza do concello de Ordes. Estamos a falar de recursos de persoal técnico, asesores xurídicos, que ten o contrato vencido neste caso. Labor de oposición que en nada beneficia ou aporta á veciñanza deste concello. Existen no ano 2024 219 facturas que recibiron reparo suspensivo do interventor municipal, que veñen a responder a un importe preto de 1,6 millóns de euros, facturas que non se axustan á lei de contratos do sector público. Situación que parece que cada ano vai a máis. No ano 2022 o número de facturas que recibiron reparo foron 80, por un valor por importe de 464 mil euros. En tan so dous anos triplicáronse o número de facturas que non se axustan ao disposto na LCSP. Ollando o resultado orzamentario comprobamos que as taxas de dirección de obras hai un desaxuste, os ingresos foron de 55 mil euros, mentres que os gastos acadaron os 65 mil euros.

Intervén o Sr. Interventor, que ese desaxuste ven debido a que unha vez feita a liquidación desta taxa, esta ten un período de pago en voluntaria. O concello paga á empresa pola dirección de obra, o contratista adxudicatario da obra ten ata un prazo de dous meses para o pago en voluntaria desta taxa.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que sinala que a intervención do voceiro do BNG ven a ser a mesma que en anos anteriores. Todos entendemos que o que é a conta xeral. Vostedes teñen que facer a súa labor de oposición. Que se cuestione na conta xeral a función social dos orzamentos é algo inverosímil. Como xa lle teñen explicado en numerosas ocasións, a parte social deste concello en máis do 98 % esta delegada na Mancomunidade de municipios da comarca de Ordes. Pídelle que no sucesivo teñan en conta isto. Se quere analizar a conta xeral da Mancomunidade, esta é pública e pode compararse. Xa van varios plenos nos que se lle deu cantidade de datos e información o que se fai na Mancomunidade. En relación coa intervención do voceiro do BNG é verdade que a situación é a que é, son xa dez anos. Respecto á regularización dos contratos vencidos. A situación que ten Ordes é a da inmensa maioría dos concellos galegos en relación a esta cuestión. Están a regularizarse na medida no posible como pode verse no perfil do contratante. Hai que entender a escaseza de persoal municipal. Criticou esta escaseza, pero non informa que non podemos contratar máis persoal por que estamos limitados polo goberno central para facer esa contratación, temos que acudir a asesorías externas. Ao mesmo tempo a modificación última da lexislación laboral que eliminou os contratos temporais para subsanar a escaseza de persoal que a día de hoxe non é posible. O expediente dun contrato conleva unha serie de documentación complexa que debe realizarse coa responsabilidade necesaria para non causar prexuízos. A parte inicial da documentación que corresponde ao grupo de goberno para estes contratos levan en moitos casos máis dun ano feitas. Avanzouse moito neste ano. A finalización do contrato de recollida de lixo disparou o número de facturas que supoñen máis de 600 mil euros ano, sumadas ás anteriores, as cifras saen dalgún sitio. O servizo estase prestando, está funcionando, a empresa non está a reclamar nada á administración. Moitos dos contratos que aínda non se tivo a posibilidade de por ao día non deixaron de prestarse xamais. Está moi ben que cuestione, e pode facelo as veces que queira, que teñamos recorrido as bases do plan provincial de obras e servizos, os técnicos informaron favorablemente ese recurso, non houbo que recorrer a ninguén externo, viron que había base para ese recurso. Houbo unha sentenza que lle deu a razón a este concello no TSX de Galicia. Quen recorreu en casación ao Tribunal Supremo foi a Deputación, que apreciou un defecto de forma sen pronunciarse sobre o fondo do asunto. Ten ao Secretario que pode explicarllo, pode acceder á sentenza. Asegúralle que



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

inmensa maioría dos Alcaldes da provincia da Coruña estarían totalmente de acordo que se cambiase esa concreta base, faga a consulta con quen queira. Dende a Deputación o único que se quere facer é mandar o panfletíño e a carta cada x meses cos cartos da recadación que lle corresponde da cesión dos tributos a cada un dos concellos como que o fan eles. Quen fai o traballo son os técnicos municipais, as corporacións que aproban os proxectos. Onde está a ampliación da residencia da 3ª idade da que vostede tanto se vanagloriou na campaña electoral facendo a foto de campaña. Son máis de dous anos perdidos, apremiouse ao concello á posta de disposición dos concellos nun prazo de dous meses e a día de hoxe nada se sabe nin do proxecto da ampliación. Unicamente por intereses partidistas se está a avanzar coa das Pontes. Que pasa con Rianxo, se seguiran gobernando vostedes estaría na mesma situación que nas Pontes e Ordes seguiría estando castigado, iso é o que non pode ser. Isto tamén llo hai que contar aos veciños de Ordes. Fala de herdanzas, vai a darlle as cifras de dez anos, as que el considera que é a realidade, o que é medible non é opinable. 17 de 21 locais sociais arranxados, 1.460.000 euros, 108 Qm pistas aglomeradas ou en triple rego dun total de 265 Qm que ten este concello, quedan moitas por arranxar, non temos fondos para arranxalas todas, hai que ir facendo pouco a pouco. Actuacións en 14 rúas da Vila, eliminando en moitos casos o fibrocemento. Actuacións de abastecemento e saneamento 4.970.000 millóns de euros, 2.700.000 millóns de euros investidos en instalacións deportivas e parques infantís, 4 pavillóns, campo de fútbol de Montaos e diversas actuacións na cidade deportiva de Vistalegre, 23 Qm de novas sendas ou cunetas transitables executadas ou contratadas para executar, arranxos nos tres CEIPs por parte da Xunta de Galicia, arranxo cemiterio do Piñeiro, o PXOM, a estrada de Mercurín, a nova EIM Herminio Rial, Centro Sociocomunitario Isabel Zandal, parking no tanatorio do Valado, compra de terreos: Viriato que foron adquiridos polo 20 % do prezo inicial da primeira oferta de compravenda, campito do Piñeiro, campo da festa de Mercurín, ampliación da residencia 3ª idade, terreos da estación da Pontraga, campo de fútbol do Mesón do Vento polo 35 % do seu valor catastral, cesión do local social do Piñeiro, a cuxa inauguración non acudiron o que lle sorprendeu, recuperación da parcela de uso deportivo no parque empresarial e cambio de uso, reforma e ampliación do Centro de Saúde, melloras no edificio Mostra do Traxe Juanjo Liñares, aumento na flota de vehículos da policía local e brigada municipal de obras e servizos, novas pontes nas parroquias, renovación da maior parte do alumeadado a led, creación da oficina rural no antigo centro comarcal. Estes son feitos que ninguén pode cuestionar, é o traballo de dez anos, e a maiores por a débeda bancaria a cero. Esta é a realidade da xestión deste goberno.

Intervén por alusión o Sr. Vidal Ríos, que sinala que falou que lle gustaría que fóramos ao acto de inauguración do local social do Piñeiro. A eles tamén lles gustaría que os invitasen a todos os actos, non só aos que vostedes lles interesa. Gustaríalles ter participado no acto de recibimento da excelencia académica deste concello, que se fixese extensiva a participación a toda a corporación municipal, non so ao goberno municipal.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que os datos están aí, os feitos están aí. O traballo é extenso, contundente e irrefutable nas cifras. O traballo de todo o persoal municipal á vista está, pouco a pouco está seguro que van ser capaces de regularizar todos e cada un deses contratos. Ninguén do goberno municipal lle está a por ningún impedimento a iso.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de oito votos a favor (8 grupo político PP), seis votos en contra (grupo político BNG) e coas abstencións (2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1º.- Aprobar a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2024 nos termos e coa documentación que consta no expediente.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

2º.- Render a Conta Xeral ao Tribunal de Contas desta Comunidade Autónoma, nos termos previstos no art. 223.2 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e na Regra 51.2 da Instrución do modelo normal de contabilidade local (Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro).

5. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 26 de xuño de 2025, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

6. MOCIÓNS.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde-Presidente pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Polos grupos políticos non se presenta, por razóns de urxencia, moción algunha.

7. ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde-Presidente abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- Veciños e veciñas de Santa Cruz de Montaos estanse a poñer en contacto con nós para indicamos que o longo do trazado da rede eléctrica e de telefonía, en moitos postes aparecen os cadros abertos e totalmente exposto o cableado do seu interior o que produce inquedanza na veciñanza ao non coñecer cal é o orixe destes ou os perigos que poden ocasionar. No caso particular a altura da Farmacia, o cadro está a unha baixa altura sendo de fácil acceso para calquera.

Polo que rogamos ao Sr. Alcalde :

A petición dun informe policial para saber de que tipo de rede se trata. Que se solicite aos responsables o pechado e protección de ditos cadros.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se lles fixo chegar o informe policial, coa situación que observaron, son dous postes, abriron os perte en cada un deles.

- Veciños e veciñas de Fondo de Aldea, en Vilamaior, puxéronse en contacto con nós para expresar o seu malestar polo estado no que se encontra o camiño que une a aldea coa a pista que vai ata o río, xa que unha das marxes de dito camiño atopase cuberto de maleza debido a que, segundo nos manifestaron, o propietario négase a permitir a limpeza da mesma, ademais creen que si se asfaltara, como se lles prometeu con reiteración, acabaría con dito problema xa que é un camiño moi empregado pola veciñanza da zona.

Polo que rogamos ao Sr. Alcalde :

A limpeza de dita marxe.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non é certo que se prometese, non é a súa costume, é certo que o solicitaron, está valorado. Antes de facer camiños secundarios que son de servizo para dúas os tres vivendas, hai que acabar de aglomerar primeiro a rede principal de todos e cada un dos núcleos. Hai un problema de deslinde con esta veciña, está en mans da asistencia técnica urbanística municipal, é unha situación complexa. O desbroce faise cada dous anos na rede secundaria, vai a tocarlle entre decembro e xaneiro de 2026. Cada vez que se chega aí hai un problema por que di que o deslinde non está feito. Unha vez que se acepte o deslinde o que haxa que arrancar se arranca e o que sexa privado terá que limpalo ela.

- Estes días coa chegada do Santiago Apóstolo están percorrendo o camiño inglés que pasa polo noso concello centos de persoas cada día, cos conseguíntes problemas de circulación para a veciñanza e para eles mesmos, xa que aínda que maioritariamente soen respectar as normas de circulación, moitos deles fan o camiño sen ter en conta as mínimas normas de seguridade. Como ademais é coñecido por todos a perigosidade de o menos tres puntos con cruces de baixa visibilidade .

Pedimos ao Sr. Alcalde:

Que se faga unha senda todo o largo do percorrido do Camiño en aqueles lugares onde non hai nin beirarrúa nin espazo habilitado para os camiñantes .

Se incrementen as medidas de seguridade nos cruces coa presenza de indicadores e sinais luminosas advertindo os condutores.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que están a falar de case 18 Qm. Fóronse facendo diversas actuacións. A prioridade da Dirección Xeral de Patrimonio é autorizarlas nas zonas de núcleo rural, en solo rústico a resposta é sempre que non. Tanto o concello como Turismo están a executar un tramo no Ramo, o concello executou varias en distintos lugares, Mámoas, zona Vilariño, zona de A Senra ata A Rúa. Hai un proxecto de Turismo contratado para a mellora das situacións de seguridade nos cruces, en Ordes son tres cruces. Este rogo é complicado, seguirán insistindo ante Turismo. Nas actuacións municipais, previas autorizacións preceptivas, irase actuando nestas zonas.

Intervén a Sra. Berdomás, que sinala que igual que se puxeron as fontes a todo o longo do Camiño, que son algo que usan moitos peregrinos. Hai que ter en conta que si vamos a potenciar o turismo da zona, unha forma de facelo é dándolle seguridade aos viandantes. Se



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

houbese un acordo entre todos os concellos por onde pasa o Camiño sería unha forma de facer máis presión.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- A varanda situada a carón da senda da DP-3802 leva meses precisando limpeza, tal e como se pode apreciar na fotografía.

Sabendo que esta tarefa corresponde ser realizada por parte da administración local, solicitamos ao Sr. Alcalde:

Acometer labores de limpeza na mesma.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se volve a confundir. Xa no seu día tiveron un debate a quen lle corresponde cambiar esa varanda, quedando claro que lle correspondía á Deputación e así o fixo. O concello fai o mantemento fora da senda ata onde chega a delimitación do casco urbano ou a zona de núcleo, hai estamos a falar das zonas rústicas. A varanda ten falta, se a Deputación non o fai cando os medios o permitas limparase. Hai que priorizar as tarefas de obriga municipal.

- A veciñanza de Pereira manifestou a súa preocupación pola perigosidade que supón a incorporación á N-550 dende a pista que se pode ver na fotografía.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Estudar a posibilidade, en conxunto coa administración competente, de instalar un carril de incorporación á estrada nacional.

Aplicar calquera outra medida de seguridade que facilite dita incorporación.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que isto xa o vai a arranxar o Sr. Nestor Rego que estivo recentemente aquí. Está situación foi analizada pola Demarcación de Estradas en Galicia, coñecen perfectamente a situación. Hai un proxecto que non é custoso no terreo sobrance e non o executan. Trasladarán o seu rogo. A cuestión de seguridade é moi precisa neste punto, lévase demandando moitos anos.

- No pasado pleno ordinario de xuño, o goberno municipal admitiu, a través da Concelleira delegada de comercio, turismo, promoción e dinamización económica, que o Concello de Ordes non conta cunha oficina de turismo.

Podemos apreciar como na páxina web do Concello se promociona este recurso destinado a atender “a importante demanda de visitantes e peregrinos” como figura na literalidade do texto.

O obxectivo desta oficina é facilitar “información sobre diversas temáticas vinculadas ao turismo tales como festas gastronómicas, rutas de sendeirismo, lugares significativos que poden visitar, etc.”



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Posto que este recurso non existe, segundo se manifestou no último pleno, entendemos que esta labor non se está a realizar por parte do Concello de Ordes.

É polo que solicitamos:

Que se corrixa dita información.

Que se indiquen os recursos aos cales poden acceder as persoas visitantes así como o seu horario de atención tanto de xeito presencial como telefónico.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que van admitirle que falta por o horario de atención, de 08:30 a 14:30. Remítea á lectura da acta e do informe da concelleira delegada de turismo. Non hai unha oficina de turismo formalmente dada de alta en Turismo, pero si dispoñen duna oficina que na medida dos recursos do noso persoal da a información que pode. Vai a corrrixirse o horario de atención polo informático.

Intervén o Sr. Villaverde Rey, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Na parroquia de Montaos, en varios puntos de Guindiboo, as cunetas están sen rozar, ocupando parte das pistas, tal e como se pode ver neste caso en Guindiboo, o que provoca un perigo para os peóns e para os condutores.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que proceda a rozar as cunetas o antes posible para evitar situacións perigosas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que na medida do posible nestas cuestións manden as ubicacións, facilitan o traballo. Estas cunetas foron rozadas antes do San Antonio. Como xa teñen advertido en moitas ocasións o desbroce feito en maio ou xuño resulta un atraso, hai que volver de segundas, os equipos seguen traballando, hai moitos quilómetros que atender. Por aí haberá unha segunda pasada no momento que proceda, atendendo á prioridade, non poden saltar dunha zona a outra.

Intervén o Sr. Villaverde Rey, que sinala que a modo de ubicación exacta, é ao longo de todo Guindiboo de Abaixo, se empezan polo principio poden chegar ata o final.

Intervén a Sra. Martínez Vieites, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- No núcleo de Vilasenín, da parroquia de Leira, existe un colector do lixo necesitado dunha "xubilación", dado que presenta un notable deterioro.

Por outra banda, creemos precisa a instalación dunha illa verde na zona, de xeito que preste servizo aos núcleos de Vilasenín, Bailía, A Espiñeira, Pepín e Meitufe, dando solución á barreira que supón a dispersión poboacional, dado que son núcleos que se atopan moi afastados das illas verdes das súas parroquias (Leira e Mercurín), o que favorecerá e fomentará a separación dos residuos para o seu axeitado tratamento e reciclaxe.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A proceder coa substitución do colector deteriorado no núcleo de Vilasenín.

A instalar unha illa verde na contorna do núcleos de Vilasenín, Bailía, A Espiñeira, Pepín e Meitufe, de xeito que poida ofrecer un axeitado servizo aos mesmos.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de medio ambiente, que sinala que a substitución do colector xa foi comunicado á Brigada municipal de Obras e Servizos para que se faga nestes días. A instalación da illa verde neste momento non é posible por falta de medios.

Intervén o Sr. Candal Fariña, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- No casco urbano do Mesón do Vento, nas inmediacións da rotonda que enlaza coa estrada DP-2405 cara Cerceda, existe unha zona expropiada que debidamente acondicionada, podería albergar bastantes prazas de estacionamento.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A solicitar ao “Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible”, a cesión a concello de Ordes dos citados terreos, co gallo de proceder co seu acondicionamento para crear unha zona de aparcadoiro.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que esta cuestión xa foi abordada en diferentes ocasións na Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, tamén a do terreo a carón da Igrexa de Montaos. Nas seguintes reunións ao longo do ano volverán a reiterar isto, a ver si poden resolver e si están dispostos a cedelos.

Intervén o Sr. Candal Fariña, que sinala que hai que procurar que se faga, é unha zona que esta a carón dunha farmacia, dun banco, é algo necesario, o vemos todos

- No pleno ordinario de novembro de 2023, desde o grupo municipal do BNG, defendemos un rogo demandando ao goberno municipal prolongar ata á estrada N-550 a senda peonil que une o Mesón do Vento co lugar do Seixo, ou cando menos acometer a construción dunha cuneta transitable nese tramo de 300 m.

Debido a que foran executados naquel entón algúns traballos na zona, consistentes na retirada de sebes e no achanzado do terreo, no pleno ordinario de febreiro de 2025, desde o grupo municipal do BNG, preguntamos ao alcalde se ía proceder na zona coa dotación dunha senda peonil ou dunha cuneta transitable, recibindo como resposta “vaise actuar conforme á normativa vixente, uso provisional, artigo 89 lei 2/2016 do solo de Galicia”.

O certo é que desde aquel entón, non se volveu a actuar na zona.

O certo é que a zona quedou explanada, sen que se procedese cando menos a dispor dunha mínima pavimentación, como por exemplo unha capa de saburra compactada ou calquera outro material, que limitase o crecemento da vexetación e ofrecese unha zona minimamente acondicionada para o tránsito peonil.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Esa mínima pavimentación que demandamos, ten encaixe no disposto no artigo 89 da lei 2/2016 do solo de Galicia.

Por outra banda, existe na contorna un colector do lixo roto, que adoece dunha substitución por outro elemento en bo estado.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A dotar dun pavimento axeitado á citada zona achanzada, de xeito que poida funcionar a modo de senda peonil.

A substituír o colector do lixo roto por outro novo.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de medio ambiente, que sinala que a instalación da colector xa está en marcha.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que agradece o feito de que mirasen a normativa, o que propoñían en numerosas ocasións non se podía facer. Non plantexan ben o rogo, din que dende entón non se volveu a actuar na zona cando a explanación se fixo en abril-maio de 2025, a cesión dos terreos formalizouse no mes de marzo. Hai que agradecer a xestión do concelleiro delegado de obras e a vontade da familia de cesión dos terreos para un uso provisional. As empresas agora están todas a tope, está claro o que se pode facer, a execución será cando haxa dispoñibilidade de tempo, cando este pola zona coas máquinas.

Intervén o Sr. Candal Fariña, que pregunta si vai a facerse xa ou vai a deixarse para as próximas eleccións. Hai unha situación bastante perigosa polas persoas que circulan por alí. É algo bastante necesario. Deu as gracias, pero custoulles bastante, non sabe si actúa así en todas as cousas. Gracias tamén á presión dos veciños.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que no é certo, é unha falsidade, ninguén presionou a ninguén. O propietario tiña que arranxar as cuestións da súa propiedade para a posterior cesión. Non ten nin idea, non falou co veciño.

Intervén o Sr. Candal Fariña, que sinala que si falou co veciño, minte vostede.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Na rúa do Mestre Alfonso Lesta existen unhas baldosas deterioradas, que supoñen un elevado risco de caída para os peóns por tropezo.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que se proceda coa súa reposición ou reparación.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se lle da traslado á Brigada municipal de Obras e Servizos. Cando poida.

- Recentemente foron entregados no concello de Oroso os títulos da concentración parcelaria denominada "Anxeles - Calvente - Pasarelos - Marzoa II".



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Trátase dun proceso de concentración parcelaria que comezou coa aprobación do Decreto o 14/02/1991.

Desde o grupo municipal do BNG de Ordes, levamos moitos anos insistindo na necesidade de proceder coa entrega de títulos das concentracións parcelarias pendentes no noso concello, cuxa tramitación aproximase ou supera os 35 anos de duración, exceptuando unicamente o caso da concentración parcelaria de Poulo que foi decretada o 29/04/2021.

Concentración parcelaria de Mercurín – Lesta II: 34 anos
Concentración parcelaria de Parada II: 34 anos
Concentración parcelaria de San Paio de Buscás II: Cumprirá en decembro 36 anos
Concentración parcelaria de Vilamaior-Barbeiros II: Cumprirá en novembro 35 anos.

A este respecto, lembramos que desde o grupo municipal do BNG, presentamos ao longo destes anos diversas iniciativas preocupándonos sobre a situación dos citados procesos de concentración parcelaria, como por exemplo:

- Moción no pleno ordinario do mes de abril do ano 2021.
- Rogo no pleno ordinario do mes de febreiro do ano 2022.
- Moción no pleno celebrado o 04/04/2024.

Durante os debates das iniciativas foron xurdindo anuncios por parte do alcalde, que non chegaron a materializarse, como por exemplo a entrega de títulos da concentración parcelaria de Vilamaior – Barbeiros II, prevista inicialmente para principios do ano 2022, logo para principios de 2023 e da que aínda a día de hoxe, rematando xullo de 2025, nada se sabe.

Numerosas foron as escusas expostas, mais son escusas que logo de superar 35 anos tramitación, carecen totalmente de fundamento, acollida ou comprensión por parte da veciñanza.

Existen casos nos que as fincas procedentes dos citados procesos de concentración parcelaria, están situadas en solo de núcleo rural, pero as persoas ás que foron asignadas atópanse con que non poden construír nas mesmas por falta de financiamento, posto que son parcelas sen inmatricular no rexistro da propiedade e sobre das que as entidades bancarias non conceden unha hipoteca. Incluso en moitos casos, deben transcorrer polo menos dous anos desde o seu rexistro para que as entidades bancarias concedan hipotecas.

Ademais, insistimos novamente na problemática engadida existente nos procesos de concentración parcelaria de Parada II e de Mercurín – Lesta II, onde as fincas resultantes non se atopan coordinadas co catastro, o que provoca que existan casos nos que a veciñanza está a pagar IBI por parcelas que xa non existen nin poden traballar.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

Demandar á Consellería do Medio Rural a que leve a cabo de maneira urxente, os trámites que faltan para o remate das concentracións parcelarias de Mercurín - Lesta II, Parada II, Buscás II e Vilamaior – Barbeiros II.

Demandar á Consellería do Medio Rural e á “Gerencia Regional del Catastro en Galicia”, a coordinar co catastro as parcelas resultantes do proceso de concentración parcelaria de Mercurín – Lesta II e Parada II.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que todas as demandas están en vigor, os funcionarios de Medio Rural seguen a traballar. Xa llo explicou no seu día, hoxe tráelle máis datos. Vilamaior-Barbeiros II a acta de reorganización da propiedade protocolizada ante notario 04/01/22, cando chegou ao Rexistro da Propiedade aconteceu o mesmo que con todas e cada un destas zonas, así como a inmensa maioría das da comunidade autónoma de Galicia, non estaban xeorreferenciadas en UTM. Agás a zona de San Xulián de Poulo todas as zonas de concentración activa en Ordes atópanse en fase de validación gráfica como consecuencia da entrada en vigor da Lei 13/2015, de 24 de xuño de reforma da Lei hipotecaria e do Texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario que fixo necesario levar a cabo a revisión cartográfica dos acordos de concentración parcelaria de todas as zonas vivas. Foi moi conflitivo en Vilamaior-Barbeiros e Buscás o feito de atoparse coa nova delimitación proposta por Audasa a través da AP-9 que obrigou a reformular moitas modificacións para ver as fincas definitivas de reemprazo en todas e cada unha destas zonas. A lexislación estatal non contiña unha disposición transitoria que permitise continuar con estas concentracións parcelarias. O problema está en conseguir a validación gráfica que esixe o Rexistro da Propiedade. Estase a traballar nestas zonas, os traballos esixiron novas contratacións de empresas especializadas. A zona de Parada II e Mercurín-Lesta II as máis recentes por estar a cartografía feita en coordenadas UTM serán as que antes se van poder resolver, ningunha das dúas está afectada pola AP-9. Non se vai a demandar algo no que xa están a traballar os técnicos. Espera que sexa canto antes. Antes de maio de 2027 algunha destas zcp vai a poder estar entregadas. Non lle vai a dar unha cifra ata a validación gráfica do Catastro.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que unha cousa que non entende é que a concentración parcelaria que foi entregada recentemente en Oroso non se encontra coordinada co Catastro.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é por que agora é cando van facer a coordinación.

- Veciñanza do núcleo de “A Castiñeira”, na parroquia de Leira, informou ao grupo municipal do BNG de que non estaba a ser posible conectar a súa vivenda á rede municipal de saneamento e facer uso da mesma.

Segundo nos traslada a propia veciñanza e a empresa concesionaria do servizo municipal de saneamento, as razóns de que non sexa posible poñer en funcionamento o servizo de saneamento radican en que aínda non se atopa operativo o bombeo no Gouzón.

Xa sen entrar a valorar os motivos de por qué non está a funcionar aínda a día de hoxe o bombeo do Gouzón, cando estamos a falar dunha obra que foi adxudicada o 09/11/2022; ollando o proxecto, resulta posible apreciar que segundo a documentación do mesmo (exponse a continuación o plano), nada impide que o ramal que serve ao núcleo de “A Castiñeira” poida entrar en funcionamento, dado que non se ve afectado en absoluto polo citado bombeo, podendo circular as augas residuais cara a depuradora por gravidade.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A poñer en funcionamento o servizo de xeito parcial, nos tramos que non se vexan afectados polo bombeo do Gouzón.

A levar a cabo as accións necesarias para poñer en funcionamento o bombeo do Gouzón para a completa entrada en servizo da rede de saneamento.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que POS+ 2022 o BNG no votou a favor desta obra. As propias Bases do POS+ impiden por en funcionamento unha obra que non está certificado e recepcionada. Motivo foi que se complicou bastante a subministración ao bombeo por parte de UFD, o 04/07/2023 o orzamento que pasa UFD son 34.500 euros, primeira reclamación 08/03/2024 segundo orzamento UFD 11.060 euros, finalmente 14/05/2024 conséguese que o prezo pola conexión sexa 96,70 euros. Pasou moito tempo para conseguir unha cousa xusta e racional. Hai poucos días que viñeron a facer a conexión. Provouse a facer o bombeo cun xerador. A todos os veciños que falaron con Espina ou co concelleiro delegado de obras informouse da realidade. Agora a parte técnica ten que remitir o CUPs para a súa validación polo concello, a continuación hai que facer a xestión con Espina, quen vai pagar os gastos é a concesionaria. Feita a alta farase a acta de recepción e entrega da obra á concesionaria, en outubro deste ano espera que se poidan facer as acometidas.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que pregunta si esa rebaixa pode ser debida á entrada en vigor do PXOM e delimitación da zona como solo de núcleo rural e estea obrigada UFD a dar a subministración.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa era núcleo rural antes o pode comprobar nas normas subsidiarias.

Por último, polo Sr. Alcalde ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén a Sra. Martínez Vieites, en representación do grupo político BNG, que formula as preguntas seguintes:

- Veciñanza do núcleo de A Pedreira, na parroquia de Leira, púxose en contacto co grupo municipal do BNG para trasladar a necesidade de instalar na zona sinalización de perigo por zona de paso de animais domésticos.

A necesidade deriva da existencia dunha explotación gandeira, que leva a pacer as vacas por esa zona, tendo os animais que cruzar ou transitar pola pista. Segundo nos traslada a veciñanza, a policía municipal achegouse fai un par de meses para analizar a situación, pero a día de hoxe seguen sen obter resposta a este respecto.

É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde o seguinte:

¿Vaise proceder a colocar a sinalización de perigo por zona de paso de animais domésticos no núcleo de A Pedreira (Leira)?.

De non ser así, ¿cales son os motivos desa decisión?.

Intervén o Sr. Alcalde, que da conta do parte policía local 2772/2025, data 30/07/2025, examinado o aplicativo policial de xestión non se extrae ningún tipo de actuación ou intervención policial co extremo exposto de necesidade de implementación de sinal P23, perigo paso de animais domésticos no lugar indicado, para levar a cabo dita medida previo estudo de unidade deberán precisarse circunstancias concomitantes da incidencia trasladada que poderá levarse a cabo mediante presentación no rexistro municipal do concello de Ordes, persoa implicada Pablo Vidal Ríos, representante BNG.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que pregunta por que aparece o seu nome.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se enganaron, vai a pedir que se corrixa.

- A feira de Ordes viuse suspendida o ano pasado durante a celebración das festas patronais.

Aínda que ben é certo que na explanada do campo da feira adoitan situarse as atraccións infantís, nada impide que os postos que se instalan en dita explanada, poidan trasladar excepcionalmente a súa situación a outras zonas, permitindo a celebración da feira.

É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde o seguinte:

¿Vaise celebrar a feira de Ordes o 13/08/2025?.

En caso contrario ¿por qué motivos o goberno municipal non opta por trasladar os postos a outras zonas da contorna para celebrar o evento?.

Intervén o Sr. Alcalde, que da conta do parte policía local 2774/2025, data 30/07/2025, durante os días 13 a 17/08/2025 teñen lugar as festas patronais de Ordes, que se desenvolven no casco urbano, con especial incidencia na colocación de atraccións de feira no entorno da Campo da Feira, que é incompatible coa colocación, pro falta de espazo de postos da feira ambulantes a celebrar o día 13/08/2025 Considérase oportuno a cancelación de dita data para elo. En canto ao segundo punto, en anteriores ocasións por este mesmo motivo foron advertidos pola policía os titulares de postos de venda ambulante afectados por dita cancelación da posibilidade de reubicación en zonas aledañas ao lugar explanada de terra anexa e rúa da Canteira, con limitacións necesarias no que atinxe a superficie de postos, declinaron dita opción. A raíz desta pregunta pediu aos oficiais da policía local que o volvesen a intentar, se o teñen a ben reubicaranse, a resposta foi que non queren a reubicación, prefiren a cancelación.

- No pleno ordinario do mes de maio, desde o BNG preguntamos ao alcalde cando se ía licitar o servizo para a xestión da escola infantil situada na rúa de Galicia. A resposta da concelleira de política social, igualdade, diversidade, educación e traballo, Susana García, foi “no mes de xullo”.

Case rematado o mes de xullo, segue sen licitar dito servizo, lembrando a este respecto que nunha entrevista no xornal “De Zero” do mes de abril de 2025, o alcalde manifestou sobre a escola infantil que “o pasado mes de marzo fíxose a visita de inspección, e os pregos técnicos xa están listos e nas mans dos habilitados para a súa supervisión e que poidan licitar o servizo”. Así mesmo, o alcalde concluíu que “se non urde ningún imprevisto, a apertura oficial será o 1 de setembro co novo curso”.

É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde o seguinte:

¿Porqué motivos segue sen saír a licitación o servizo para a xestión da escola infantil situada na rúa de Galicia?.

¿A escola estará en funcionamento o 01 de setembro de 2025?.

De non preverse a súa apertura para dita data, ¿cando prevén que entre en funcionamento?.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de educación, que sinala que os técnicos van retrasados na tramitación do expediente de licitación, nos vindeiros días estará publicada a licitación. Estase a tramitar tamén o expediente de contrato de emerxencia para apertura deste servizo o día 01/09/2025, cuxa duración estará vinculado ao de resolución do procedemento de licitación. Si se vai abrir o día 01/09/2025.

- Resulta notable como ultimamente están a producirse acumulacións de residuos nas instalacións do punto limpo, tal e como pode apreciarse nas fotografías que se achegan a continuación, as cales foron sacadas cunha semana de diferenza, podendo apreciarse que a acumulación persiste ou mesmo vese incrementada.

Descoñecemos cales son as causas desta situación (falta de persoal, vacacións se cubrir, falta de medios, revisión dos procedementos para a súa xestión ou almacenaxe...), mais temos claro que cómpre darlle solución.

É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde o seguinte:

¿A que se deben estas acumulacións de residuos nas instalacións do punto limpo?.

¿Como van proceder para solucionar a situación?.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de medio ambiente, que sinala que non se indican as datas nas que foron tomadas as fotografías. Poden sospeitar que coinciden coa recollida de voluminosos. Que estean alí depositados é para clasificalos e separación. Segundo indica a empresa os traballos no punto limpo reforzáronse debido ao aumento destes vertidos. O primeiro luns de mes pola mañá de 09:30 a 14:30, o segundo luns de mes de 13:00 a 16:00 e o segundo martes do mes de 10:00 a 12:00.

- O ano pasado, as instalacións existentes no núcleo de O Cano da parroquia de Leira, que no pasado teñen albergado unha activade hoteleira e un prostíbulo, acolleron a numerosos inmigrantes, os cales non dispoñían nin de auga nin de electricidade.

Os medios de comunicación fixeron ecos da nova, revelando con posterioridade que se trataba de 82 inmigrantes que estaban a ser explotados nunha plantación de arandos en Begonte.

A situación volveu a repetirse no presente mes de xullo, nas mesmas instalacións, descoñecendo cal é a situación na que están a vivir estas persoas e se dispoñen das mínimas condicións que resultan esixibles a calquera establecemento hoteleiro (salubridade, climatización, electricidade, ocupación axeitada, actividade autorizada...).

É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde o seguinte:

¿Levaron a cabo algunha acción de comprobación ao respecto?.

¿Notificaron da situación a outras autoridades competentes?.

¿En que datas?.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de política social, que sinala que lle sorprende un montón que se rexistrase esta pregunta. A Sra. Voceira do PSOE non descoñece esta situación. A Sra. Voceira polo menos pregunta en tempo e forma e non fai



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

política barata pretendendo crear alarma social. Vostede estaba, senón escoitou e por que non estaba atento. 29/06/2025 esta xente chegou ao hotel de O Cano, houbo unha trifulca entre eles e as mulleres que estaban alí, mandaron os efectivos policía local e garda civil. Saíron as mulleres e quedaron estas persoas. Neste momento xa se viu que as condicións son idóneas, que as súas necesidades básicas están cubertas, que teñen contrato de traballo, documentación en regra. Ao día seguinte unha traballadora social mantivo unha reunión coa policía local para verificar as súas necesidades básicas. O 03/07/2025 a voceira do PSOE presentou un escrito preocupándose pola situación, nese mesmo día a policía fai unha acta de inspección, no que se informa que a pranta baixa está habilitada para actividade de restauración e lavandería, en uso na actualidade. Examinada a primeira pranta obsérvase que se encontra destinada a hospedaxe, con enseres dos seus hóspedes, vinte habitacións con seis liteiras e taquillas en cada unha, todas as habitacións contan con baño completo. Obsérvanse condicións hixiénico sanitarias dos moradores óptimas. Isto contoullo diante de vostede á voceira do PSOE, non sabe onde estaba. Dende entón foron dúas veces máis. Interesouse pola situación Mesturas, Cruz Vermella. O 04/07/2025 con esta acta de inspección iniciouse procedemento sancionador por que a actividade de hotel non se corresponde coa actividade autorizada.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que o día que menciona que falaron, el ía detrás, non falaron de si a actividade estaba en vigor, non falaron da ocupación que tiña que ter esa actividade. Estas cuestións ten que as preguntar no pleno, onde as vai preguntar.

Intervén a Sra. García Gómez, que sinala que se lle contou todas as preguntas que fai, non viña detrás, estiveron parados no descanso. Cántallo no pleno, non lle diga que se descoñece.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo ás vinte horas cincuenta minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE
José Luis Martínez Sanjurjo
(asinado dixitalmente)

O SECRETARIO
Juan Luis González Iglesias